



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea

Rúa do Hórreo, 61
15701 Santiago de Compostela
A Coruña – España
Telf. +34 981 54 10 02
Fax +34 981 54 10 03
Correo electrónico: sunioneu@xunta.es



RESOLUCIÓN DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO GALEGO DE AXENTES DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

Núm. de expediente: PR805A 2018/2

Solicitante: Asociación ¿POR QUÉ NO AYUDAR?, NIF G70529870

Procedemento: PR805A. Inscripción no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento

Forma de inicio: solicitude do interesado

ANTECEDENTES

1. A Asociación ¿POR QUÉ NO AYUDAR? e, na súa representación Jorge Rodríguez Vázquez, presenta con data 20.02.2018 solicitude de inscrición no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
2. No expediente consta a documentación necesaria para a inscrición.

CONSIDERACIÓN LEGAIS

1. O artigo 2.1 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento (DOG núm. 58, do 23 de marzo) establece que poderán inscribirse no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento os axentes de cooperación recoñecidos no artigo 23 da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento (DOG núm. 128, do 3 de xullo).
2. Segundo o disposto no artigo 4.1 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento organízase en catro seccións xerais: sección A (organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento), sección B (empresas e organizacións empresariais), sección C (sindicatos) e sección D (outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento).
3. O artigo 4.2 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, establece que para a súa inscrición na sección A do rexistro, as organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento (ONGD) previstas no artigo 23.1, letra b) da Lei 3/2003, do 19 de xuño, deberán acreditar que reúnen os requisitos establecidos no artigo 25 da dita lei, nos termos establecidos no artigo 7.3 do decreto.
4. O titular do órgano directivo competente na materia de cooperación ao desenvolvemento é o competente para ditar a resolución de ordenación ou denegación da inscrición no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, segundo o disposto no artigo 8.1 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo.



De acordo con todo o indicado, tendo en conta a documentación achegada ao expediente e vistos os informes técnicos solicitados,

RESOLVO

Inscribir á Asociación ¿POR QUÉ NO AYUDAR? no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento, co número seguinte:

Sección A: Organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento (ONGD)

Número de rexistro: 242

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, de conformidade co disposto no artigo 8.5 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado dende a notificación desta resolución.

Mediante este documento notifícaselle á Asociación ¿POR QUÉ NO AYUDAR? esta resolución, conforme ao esixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Jesús Gamallo Aller

